

MESA SECTORIAL DO DÍA 5 DE XUÑO DE 2018

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTOS DE ORDES POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS PARA CUBRIR POSTOS DE DIRECCIÓN DOS CENTROS DE FORMACIÓN E RECURSOS E ASESORÍAS DO SERVIZO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO, CENTRO AUTONÓMICO DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN E DOS CENTROS DE FORMACIÓN E RECURSOS E CONCURSO DE MÉRITOS PARA CUBRIR PRAZAS DE ASESORÍAS NA CONSELLERÍA.

En primeiro lugar, desde ANPE Galicia manifestamos a nosa queixa polo feito de que estas dúas Ordes non teñan pasado antes pola Mesa Sectorial o que vai a imposibilitar que as prazas que se cubran poidan xerar vacantes para a súa provisión no CADP e se teñan que cubrir unha vez comezado o curso por profesorado substituto

ANPE considera que debería haber máis dotación de persoal, se finalmente o CAFI vai a facer tarefas de acreditación para empresas privadas (punto co que ANPE xa manifestou o seu total desacordo).

Deben revisarse as datas que aparecen nas Ordes xa que aparecen datas da convocatoria do curso pasado.

Deben revisarse as prazas ofertadas xa que, nalgún caso, os propios directores dos CFR teñen detectados erros.

ANPE denuncia que non se nos convoque para as reunións da comisión de selección e soamente se nos convoca para dar os resultados finais.

Desde ANPE demandamos que se coñeza a situación real de cada un dos servizos con anterioridade ao paso das Ordes pola Mesa Sectorial para poder facer un estudo pormenorizado das mesmas.

ANPE demanda que os perfís e os requisitos das prazas deberían estar claros e a Administración debería velar para que os perfís se adapten ás necesidades das prazas e non a persoas en concreto. Non entendemos porque se exclúen determinados corpos en determinados perfís.

ANPE demanda unha composición máis técnica da comisión de selección.

ANPE demanda a eliminación da entrevista en ambas ordes. De non terse en conta esta petición esiximos que se reduza a súa puntuación no baremo xa que consideramos que ten un peso excesivo dentro do mesmo. En todo caso, non debería ser usado como primeiro criterio de desempate. Neste caso debería valorarse máis a antigüidade.

En relación a Orde en concreto de asesorías na Consellería, ANPE considera que debe reducirse o número total de asesores.

En relación ao baremo da orde de CFR, CAFI no apartado 1.4 demandamos que se pase a 0,5 puntos en lugar dos 0,25 propostos. En canto á formación relacionada coa praza pasar a 0,10 e en relatorios relacionados coas prazas pasar a 0,20 puntos.

En relación ao baremo da Orde de asesorías na Consellería consideramos que debe aumentarse a puntuación outorgada á antigüidade ata alcanzar como mínimo os 6 puntos. No apartado 2.3 ANPE solicita que se suba a puntuación a 0,5 puntos.

Por último, e como petición común a ambas Ordes, ANPE Galicia demanda o establecemento dunhas listaxes de substitucións para cubrir baixas nos servizos para que estes non queden desatendidos.

A Administración non modificará nada destas dúas Ordes ao considerar que son xa estables e se limitará a revisar os posibles erros.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ADDENDA AO ACORDO DE INTERINOS.

Desde ANPE Galicia queremos chamar a atención da Administración sobre o feito de que o profesorado nos centros educativos non coñece a obriga de que o CADP se ten que presentar na sede electrónica. Desde ANPE estamos facendo un esforzo importante por informar aos docentes pero, consideramos que debe ser a Administración a que alerte ao profesorado, e faga unha campaña informativa concienzuda para que obteñan o DNI electrónico ou a Chave 365.

Desde ANPE Galicia defendemos que o profesorado que leva anos traballando non perda o seu traballo por un erro debido á implementación dun sistema de matriculación novidoso e pouco informado. Por este motivo e por responsabilidade, apoiamos a Addenda presentada e aproveitamos para entregar un escrito á Administración para demandar o cobro dos meses de verán para o profesorado substituto que acredite traballar durante 5,5 meses no curso escolar. Despois do pronunciamento da Avogada Xeral do Tribunal de Xustiza da Unión Europea ANPE demanda que os substitutos docentes que presten durante polo menos 5,5 meses de servizos este curso 2017/2018 cobren XA este verán. Hai que ter en conta que ante tres cuestións prexudiciais plantexadas polo TSJ de Castela-A Mancha ao Tribunal da Unión Europea, todas elas relacionadas cos ceses do profesorado interino nos meses de verán desde o curso 2011/2012, a Avogada Xeral propón ao Tribunal de Xustiza de Luxemburgo que, na súa futura sentenza, declare oposto ao dereito da Unión Europea a “práctica nacional conforme a cal os docentes nomeados en calidade de funcionarios interinos, e no sentido do Dereito Español, para todo un curso escolar son cesados ao finalizar o período lectivo, mentres que a relación de servizo dos traballadores fixos comparables a estes efectos se mantén, non quedando tampouco en suspenso”. Sinala tamén a Avogada Xeral que a práctica española adoece de falta de transparencia xa que o **cese dos funcionarios interinos ao comezo das vacacións de verán contravén un acordo de 10 de marzo de 1994, alcanzado entre a Dirección Xeral de Persoal e Servizos do Ministerio Español de Educación e Ciencia e ANPE.**

Por ese motivo demandamos que despois de catro cursos incumprindo a suspensión de dous anos autorizada polo Consello da Xunta de xuño de 2012, do apartado duodécimo da addenda asinada no 2006 e das conclusións da Avogada Xeral do TUE, se proceda a **nomear polo mes de xullo e polos días de agosto que procedan unha vez deducidos os que se aboan por vacacións, ao persoal substituto docente que preste polo menos cinco meses e medio de servizos no curso 2017-2018.**

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- En relación á circular con instrucións para as EOI desde ANPE manifestamos e trasladamos o malestar do profesorado deste tipo de centros e demandamos unha explicación por parte do Director Xeral. Entendemos que é un ataque á autoxestión dos centros educativos.
- Con respecto á obrigatoriedade do **curso de formación para a función directiva** que se esixe a partir de agora para acceder á Dirección dos centros e que se recolle no R.D 894/2014 do 17 de outubro, desde ANPE queremos coñecer se a Administración ten algunha previsión de realización

de ditos cursos, como van a funcionar e se van a estar accesibles para todo o profesorado. **A Administración resposta que a Dirección Xeral correspondente está a traballar no deseño dos cursos.**

- Desde **ANPE** demandamos o cese da redución das retribucións nas situación de IT. Xa é momento de que nos deixen de castigar por estar enfermos. **A Administración resposta que non é cuestión desta Mesa.**
- En relación ao **CADP** desde ANPE volvemos a insistir no descoñecemento xeral por parte do profesorado da presentación telemática. **Demandamos instrucións claras por parte da Administración e o envío dun SMS ao profesorado** que o ten que cubrir por primeira vez e non conta con correo corporativo. **A Administración estudará o envío do SMS.**
- Desde ANPE demandamos coñecer a **situación xurídica das listas bilingües de substitucións.** **A Administración manifesta non coñecer dita situación xurídica.**
- Tamén queremos coñecer a situación do recoñecemento de servizos das vacacións pagadas e non desfrutadas. Neste sentido nos gustaría coñecer se vai a ser posible dito recoñecemento para estas oposicións. **A Administración resposta que está a traballar para que aqueles que se presenten ás oposicións os teñan recoñecidos antes de que os tribunais fagan a valoración de méritos.**
- **ANPE Galicia volve a demandar a ampliación do permiso de paternidade a 20 semanas e a súa equiparación co permiso de paternidade.** Xa fixemos a demanda no seu momento e insistimos agora cando vemos que é posible que o novo Goberno do Estado aprobe esta medida no primeiro Consello de Ministros. **A Administración resposta que non é cuestión desta Mesa.**
- **ANPE Galicia demanda a creación da figura de Enfermería Escolar** que se vaia introducindo de xeito paulatino nos centros educativos empezando por aqueles con alumnado con necesidades específicas. **A Administración non contempla esta demanda.**
- **Por último demandamos que os presidentes de tribunais de oposición que repiten sexan rotados e asignados a un tribunal diferente ao do ano pasado xa que, debido á proximidade na letra de asignación de opositores deste ano (G) coa do ano pasado (K), moitos opositores van a ser xulgados polo mesmo/a presidente/a do ano pasado.**

Sen máis temas que tratar péchase a sesión sendo as 13:05 horas

ANPE
SINDICATO INDEPENDIENTE
GALICIA